

A posición do PP de Caldas de Reis ante a MOCIÓN DE APO-
IO Á MOBILIZACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA E DE APO-
IO Á ILP PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE
PÚBLICA DE GALICIA.

Estaremos sempre na busca de mellora da asistencia sanitaria do noso Pobo pero esta moción non vai diso.

O traballo faise na constancia e non na rúa.

- Fernando Pérez: “estamos ante una plataforma e unha manifestación política e non dos cidadás, e unha manifestación enmarcada na campaña electoral das municipais”
- Temos que indicar que asistimos as dúas asembleas as que fomos convocados pola Plataforma e en ambas nos deron plantón, non apareceu ninguén, e logos nos enteramos pola prensa, sen contar con ninguén, que se tiña constituída a plataforma en Caldas e incluso elixido, non sabemos por quen, un Presidente.
- O Sergas, e personalizando o xerente da nosa área sanitaria, está traballando na busca de solucións, de feito onte 1/2/2023 se cubreu un praza vacante cunha médica, de maneira que o centro de saúde ten todas as súas prazas cubertas.
- “A PP apoiou todas as mocións que trataron de busca de solucións para a mellora da asistencia médica en Caldas de Reis, pero o PSOE votou en contra dunha nosa que esixía o goberno central a ampliación das prazas MIR convocadas, co cal quedou retratado e dou por roto ese consenso que se buscaba”

02, febreiro, 23.- O Partido Popular de Caldas quere deixar claro que no camiño de mellorar a calidade da asistencia sanitaria os caldenses sempre se contará co noso apoio, e xa o demostramos apoiando as mocións das outras forzas políticas nos plenos, cousa que o equipo de goberno non pode dicir tras votar en contra da nosa moción no pasado Pleno onde se lle pedía o goberno central que fixese o seu traballo e convocase mais prazas MIR ante a falta de médicos e tendo en conta que é a súa exclusiva competencia.

A demostración de que esta plataforma ten como único obxectivo acadar rendibilidade electoral en lugar de mellorar o sistema, é que nas dúas convocatorias para a súa constitución en Caldas de Reis, as que acudimos nos e moitos colectivos de Caldas nos deron plantón, non acudindo ningún dos convocantes, dicindo o Alcalde que non viñeran porque non os deixaron dende o BNG, e logo constituíndo a plataforma e elixindo presidente o Alcalde unilateralmente, de feito o coñecemos pola prensa.

Para mellorar a sanidade galega temos que ser esixente ca Xunta de Galicia, pero tamén co goberno central socialista que está a bloquear, ante todas as CCAA, a existencia de mais médicos, e diso non se quere falar nin protestar, pero tamén se pode mellorar ca posta a disposición do Sergas dos terreos para a construción do novo centro de saúde, e esta é responsabilidade exclusiva do Goberno municipal, non se está xa a construír e se impide que as ambulancias con urxencias se acheguen a porta do obsoleto centro de saúde, que especialidades que teñen que estar dentro do centro de saúde para ser mais efectivos, se estean a prestar no edificio da fundación comarcal como fisioterapia ou a matrona, e que non exista espáceo suficiente para unha calidade asistencial adecuada. Estes días puidemos ver nos medios como un tenente de Alcalde do des-goberno municipal chegou a dicir que o Sergas podía redactar o proxecto do novo centro aínda que o goberno local aínda non cedese os terreos ou asinase o convenio, algo que a parte de ser mentira, demostra o absoluto descoñecemento da xestión público dun responsable dun goberno municipal, igual pensa que se pode facer como o defunto proxecto do centro termolúdico onde o goberno do estado gastou mais de 300.000,00 euros, mais o que gastou o goberno local, na redacción dun proxecto que logo se tirou o lixo.

A proba de que a Xunta de Galicia, é en especial o conselleiro Julio Comesaña e o xerente da nosa área sanitaria, José Flores, están a traballar de forma constante e diaria na solución das deficiencias é que dente onte día 1 temos una nova doutora no centro de saúde de maneira que temos todas as prazas cubertas. Pero seguimos traballando para solucionar os problemas puntuais, pero non por elo menos importantes, da falla de médicos nalgúns momentos, no PAC. Pero se o Alcalde realmente estivera tan preocupado tería chamado algunha vez o novo xerente da nosa área sanitaria e a día de

hoxe nunca se dirixiu a él, eso demostra a súa falta de xestión e preocupación por un problema serio.

Queremos deixar claras varias verdades:

- **A plataforma SOS Sanidade Pública é unha entidade fundamentalmente partidista** que non ten interese algún pola mellora da sanidade pública senón que ten como obxectivo exclusivo atacar á Xunta e ao Partido Popular
- Tanto a moción como a iniciativa legislativa popular parten de **premisas erróneas** (nin houbo recortes na sanidade pública nin aumento da sanidade privada)
- Tanto a moción como a iniciativa legislativa popular ignoran que **o problema de déficit de médicos de familia prodúcese en Galicia do mesmo xeito que no resto de comunidades autónomas**, co que dificilmente pode ser achacado ás políticas da Xunta
- **Deliberadamente, os partidos e a plataforma que apoian estas mocións e esta iniciativa legislativa ignoran as responsabilidades do Goberno de España**, amosando o seu partidismo
- **Os partidos e a plataforma que apoian estas mocións e esta iniciativa legislativa están a opoñerse sistematicamente ás medidas que a Xunta de Galicia está a promover**, no ámbito das súas competencias, **para contribuír a resolver o problema que denuncian**.

1. QUEN É A PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA?

Esta plataforma está apoiada polos sindicatos e partidos de esquerda de cada territorio e ten, a nivel Galicia, un único voceiro: Manuel Martín García.

Este médico foi nomeado membro do Consello Asesor do Sistema Sanitario de Galicia polo goberno bipartito entre 2006 e 2009 e participou na elaboración do documento “Propostas de transformación da atención primaria en Galicia” publicado en febreiro de 2009 pola consellería de Sanidade asinando un capítulo sobre os PAC (Puntos de Atención Continuada) coas seguintes conclusións:

- *“En la situación actual los PAC en Galicia prestan una atención de escasa eficiencia, son poco resolutivos y provocan una elevada ocupación de profesionales (en un escenario de escasez de los mismos) que se sienten frustrados ante el escaso desarrollo profesional que pueden desarrollar en estos dispositivos. **Se hace necesario realizar una reforma en profundidad que produzca una reducción del actual número de puntos, un menor consumo de profesionales y una mejora de la calidad asistencial**”.*

Martín compaxinaba ese asesoramento ao bipartito proponendo pechar PACs coa presidencia dunha presunta plataforma en defensa da sanidade pública que, en realidade, defendía ao goberno ante as reivindicacións sindicais como ocorreu coa folga en atención primaria convocada en 2008.

Naquel momento, Martín apoiaba ao goberno:

- ***La Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública emitió un comunicado cuestionando os paros que convocan sindicatos «co apoio dos colexios médicos, reduto tradicional dos sectores máis conservadores da profesión médica»***
- *La entidad cuestiona incluso algunas de las reivindicaciones de los facultativos, ya que señala que su negativa a hacer guardias con carácter obligatorio choca con una realidad en la que no hay bolsa de médicos en paro, por lo que esta petición «abocaría ao sistema de saúde a pór en risco a asistencia á cidadanía».*

Curiosamente, a mesma asociación que defendía entón as gardas obrigatorias pola realidade de falta de médicos dispoñibles ataca agora as medidas que toma a Xunta ante unha realidade constatada de falta de médicos nas listas de contratación.

Desde 2009, Martín e a súa Plataforma deixaron de ser tan compracentes co goberno autonómico e pasaron a ser feroces críticos de calquera medida adoptada en materia sanitaria pola Xunta.

Destaca a férrea oposición ao convenio asinado en 2015 entre o SERGAS e a Fundación Amancio Ortega pola que esta financiou o importe duns contratos xa definidos pola sanidade pública para a adquisición de

novo material de tratamento e diagnóstico do cancro como aceleradores lineais ou mamógrafos por valor de 16,8 millóns de euros.

Martín chegou a afirmar en televisión que estes aparellos eran innecesarios porque xa había moitos recursos que non se utilizaban por falta de persoal:

https://www.lasexta.com/programas/sexta-noche/entrevistas/manuel-martin-sobre-la-donacion-de-amancio-ortega-sirve-como-inversion-en-marketing-de-lavado-de-cara_201706185945b14f0cf26e79abb59088.html

En novembro de 2021, o conselleiro de Sanidade revelou no Parlamento que os aceleradores lineais instalados a través desa compra financiada pola Fundación Amancio Ortega estiveran activos no 99% do seu tempo programado (polo que non houbo ningunha falta de uso) **e que serviran para tratar a máis de 27.000 pacientes con 55 tipoloxías diferentes de enfermidades oncolóxicas mentres os mamógrafos realizaron preto de 300.000 probas**³. A isto se opoñían Manuel Martín e a súa plataforma.

A Plataforma SOS intégrase a nivel España na chamada FADSP (Federación de Asociaciones en Defensa de la Sanidad Pública). Esta Federación, en cuxa directiva está o propio Manuel Martín, tivo tristemente célebres intervencións ao inicio da crise da COVID, defendendo que o perigo do virus se magnificaba por intereses económicos.

2. HOUBO RECORTES NA SANIDADE PÚBLICA E INCREMENTOS NA PRIVADA CO GOBERNO DO PP NA XUNTA?

Ambas afirmacións son falsas e poden desmentirse cos Orzamentos da Xunta.

O Orzamento do SERGAS aumentou un 36% en relación co que aprobou o bipartito para o ano 2009. Mentres aquel tiña 3.655 millóns, o de 2023 chega aos 4.972 millóns de euros. **1.317 millóns máis.**

E non se trata só de investimento en construción de hospitais (que tamén), senón que unha moi boa parte é investimento en persoal.

En relación ao 2009, os **ORZAMENTOS EN GASTOS DE PERSOAL aumentaron un 29,5%** (máis de 458 M€):

- Ano 2009: 1.556 M€ para todo o persoal do Sergas
- Ano 2023: 2.014 M€ para todo o persoal do Sergas

Así mesmo, nunca antes houbo tantos **PROFESIONAIS CONTRATADOS** (mais de 43.200, un 19% máis que en 2008, cando había 36.256): **máis de 7.000 profesionais máis ao día traballando na sanidade pública respecto a cando gobernaba a esquerda:**

- Media diaria profesionais en 2008: 36.256
- Media diaria profesionais en 2022: 43.295

No que respecta a persoal, nos **ORZAMENTOS** da Xunta para o 2023 **hai case 134 M€ máis para o capítulo de persoal de atención primaria que os que tiña o Orzamento do bipartito** para o ano 2009 (442 fronte a 576).

Así mesmo, **Galicia conta con máis de 1.000 profesionais máis ao día traballando na atención primaria respecto a cando gobernaban a esquerda:**

- Media diaria profesionais primaria 2008: 8.692
- Media diaria profesionais primaria 2022: 9.711

Polo tanto, **nin houbo recorte nin desmantelamento na sanidade pública**. E tamén é falso que houbese un favorecemento da sanidade privada, algo que si ocorreu con outros gobernos.

Como reflicte o informe do Consello de Contas sobre a conta xeral do SERGAS de 2008, **nos catro anos de goberno do Bipartito, o gasto en actividade concertada aumentou un 48%, pasando os concertos coa sanidade privada dun 5,5% do total do gasto a máis dun 6%**. Unha porcentaxe que co goberno do PP descendeu a arredor do 5%, tal e como certifican ano a ano os informes do Consello de Contas.

Este ano está no 4,4%. É dicir, o continuo incremento dos fondos dedicados ao sistema público ao tempo que se mantén a partida de concertos coa privada case conxelada nos últimos anos provoca que o peso destes concertos no gasto global do Sergas sexa o menor nos últimos 20 anos.

De feito, esta lexislatura votouse no Parlamento unha resolución sobre os informes do Consello de Contas na que se instaba á Xunta a manter o gasto en concertos coa sanidade privada por debaixo do 6%, como

Contas acredita que leva ocorrendo desde 2009. Aprobouse sen o apoio nin do BNG nin do PSdeG.

A acusación de favorecer aos seguros privados tampouco se sostén, xa que os datos das propias entidades aseguradoras din o contrario. O último informe da Unión Española de Entidades Aseguradoras (UNESPA) di que **en 2020 había en Galicia menos porcentaxe de poboación con seguro médico que en 2009**. No mesmo período, a media española de poboación con seguro privado subiu 4 puntos.

É dicir, calquera reivindicación que fale de “parar o desmantelamento da sanidade pública”, “parar os recortes en sanidade” ou “parar a privatización” estará faltando á verdade.

3. É A FALTA DE MÉDICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA UN PROBLEMA EXCLUSIVO DE GALICIA?

Os problemas relacionados coas posibles demoras en atención primaria veñen motivados polas **dificultades de cobertura** consecuencia do contexto xeral de déficit de médicos de familia que se da en toda España, independentemente de quen governe.

Só hai que mirar a prensa de comunidades como Asturias, Cataluña, Baleares, Extremadura, Comunidade Valenciana ou Castela A Mancha, gobernadas polo PSOE e por outros socios do BNG, para ver que se enfrontan ao mesmo problema.

Se a situación de falta de profesionais en Galicia estivese directamente relacionada coa política sanitaria da Xunta, é bastante difícil de explicar que esta situación se repita de xeito idéntico noutras comunidades autónomas.

Sobre todo en comunidades nas que, en teoría, a política sanitaria é diferente pois nelas gobernan partidos que aquí sosteñen que farían unha xestión totalmente distinta á que nós estamos a facer.

Sen ir máis lonxe, o **conselleiro socialista de Extremadura** respondía ás críticas de Podemos sobre a falta de médicos na súa comunidade cualificándoas de “demagoxia” por ser un problema que afecta a todo o territorio español e defendendo de xeito contundente que **non se trata**

dun problema de cartos ao afirmar que non se podería resolver “ni con todo el oro del mundo”.

Do mesmo xeito, **aínda tendo orzamento, a Xunta non pode contratar máis médicos porque non hai profesionais dispoñibles.** Tal e como lle pediu o Parlamento de Galicia, a Xunta publica mensualmente o listado de médicos nas listas de contratación temporal, demostrando que hai 0 profesionais dispoñibles.

Se houberse profesionais dispoñibles que simplemente non entran no sistema polas condicións non se entende que o Goberno de España acabe de aprobar prolongar a idade de xubilación dos médicos de familia ata os 70 anos facendo o traballo compatible con parte da pensión...Precisamente porque o problema non é de cartos.

4. CAL É A RESPONSABILIDADE DO GOBERNO DE ESPAÑA?

Os informes do propio Ministerio de Sanidade expoñen que o escenario de déficit de especialistas en medicina de familia tenderá a agravarse co elevado número de xubilacións previsto para os próximos anos.

Por iso, o 28 de abril de 2018 logo de coñecer as conclusións do grupo de expertos sobre déficit de profesionais creado polo Goberno de España naquel momento, o goberno do PP acordou no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde varios acordos cos conselleiros de sanidade de todas as comunidades autónomas (a maioría gobernadas pola esquerda).

Eses compromisos incluían a **reforma dos criterios e requisitos que se esixen para crear novas prazas formativas de medicina de familia co obxecto de poder aumentar o número de médicos formados e abastecer á atención primaria.** A rixidez dos criterios actuais (por exemplo, se esixe que para poder formar a un residente un centro de saúde teña que ter como mínimo 4 médicos) exclúe a moitos centros de saúde medianos de Galicia. De feito, **só 100 dos máis de 400 centros de atención primaria de Galicia cumpren eses requisitos para formar novos médicos de familia.**

Sen embargo, **dous meses despois daquel acordo produciuse unha moción de censura e o PSOE accedeu a Ministerio de Sanidade. E todo aquilo que acordara o goberno central do PP quedou nun**

caixón. Desde entón xa pasaron 5 anos e 4 ministros socialistas pero esas medidas seguen sen resolverse.

Pola contra, o Goberno do PSOE tomou medidas que contribuíron a agravar aínda máis a situación

- **Mudou o sistema de elección de praza formativa despois do exame MIR,** implantando un sistema que non permite aos aspirantes coñecer en tempo real cales son as prazas dispoñibles. A consecuencia foi que en 2022 por primeira vez quedaron máis de 200 prazas formativas de medicina de familia sen cubrir (afortunadamente, menos de 10 en Galicia, a meirande parte en Cataluña e Extremadura).
- **Demorou a aprobación da especialidade de medicina de urxencias e emerxencias,** o que sigue a obrigar aos médicos recién titulados que queiran traballar en urxencias a ocupar prazas formativas de medicina de familia, deixando fóra a residentes que si quixerían traballar en atención primaria.

A consecuencia da inacción e das medidas erróneas do Goberno central é un déficit de médicos de familia que afecta a toda España.

A demostración de que iso é así é que estas demandas de reformas que son competencia do Goberno central non as fai só a Xunta senón que foron plasmadas nun manifesto redactado conxuntamente co Goberno Vasco e ao que logo se sumaron outras cinco comunidades autónomas de distinto signo político⁹ (Andalucía, Cataluña, Madrid, Castela e León e Murcia) e que xunto a Galicia e País Vasco representan ao 67% da poboación española.

O manifesto recolle as seguintes solicitudes:

1. En primeiro lugar, **modificar o sistema de elección de prazas MIR para que as persoas aspirantes coñezan en tempo real as prazas dispoñibles,** co obxectivo de que non quede ningunha deserta.
2. En segundo lugar, **crear** o antes posible, axilizando o máximo posible a súa tramitación, **a especialidade de medicina de urxencias e emerxencias,** antes de que se convoque o próximo exame

MIR. Para evitar así que as persoas que queren exercer en urxencias ocupen unha praza de MIR en primaria.

3. En terceiro lugar, ampliar pola vía de urxencia as prazas de MIR de primaria para o que é preciso acometer a **revisión do sistema de acreditación de unidades docentes** que foi acordada por unanimidade entre Ministerio e Comunidades Autónomas no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de abril de 2018 e que segue pendente desde entón, mellorando tamén o programa formativo.
4. En cuarto lugar, aproveitar o novo sistema máis flexible de acreditación para realizar un **incremento extraordinario de arredor de 1.000 prazas formativas desta especialidade máis nas convocatorias MIR dos vindeiros anos** que corrixa a situación de déficit destes especialistas en toda España.
5. En quinto lugar, para planificar con mellor previsión a oferta formativa é preciso que o Goberno de España asuma o compromiso pendente de **creación dun Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios para prever os déficits de profesionais do futuro**.

A resposta do Ministerio de Sanidade continuou sendo a pasividade, **non aceptando ningunha das propostas recollidas no documento**.

No pasado Debate do Estado da Nación o PP presentou unha proposta de resolución na que se plasmaron estas medidas, a cal foi aprobada co apoio dunha decena de partidos, incluídos o PNV ou Junts per Catalunya mentres que Esquerra Republica se abstivo. **BNG e PSOE votaron en contra**.

No pleno do Parlamento de Galicia do 13 e 14 de setembro o PP presentou unha iniciativa na que se recollía o apoio a este manifesto, así como instaba ó Goberno de España a cumprir co mandato parlamentario que se lle encomendou na aprobación da proposta de resolución do Debate do Estado da Nación. **A posición do BNG e o PSdeG foi votar en contra**.

En consecuencia, a Plataforma SOS Sanidade Pública, o PSdeG e o BNG pretenden obviar as responsabilidades que ten o Goberno de

España no eido das poucas competencias que ten en sanidade: a regulación do sistema de formación de profesionais sanitarios.

É fundamental que se fagan as reformas que permitan formar a 1.000 médicos de familia máis en España cada ano durante os vindeiros catro anos.

Isto que se lle pide ao Goberno do PSOE non é máis que retomar as medidas que comprometera hai xa cinco anos o goberno central do PP con comunidades autónomas con gobernos maioritariamente socialistas ou nacionalistas e que se se aplicaran no seu momento non terían levado a esta situación.

E non llo pide só á Xunta senón outros seis gobernos autonómicos (entre eles os que teñen presidentes nacionalistas) e a maioría do Congreso dos Deputados.

Por que SOS Sanidade Pública, PSdeG e BNG ignoran esta realidade nas súas propostas?

5. QUE ESTÁ A FACER A XUNTA NO ÁMBITO DAS SÚAS COMPETENCIAS E QUE FAI A OPOSICIÓN ANTE ISO?

Galicia ofertou nesta convocatoria de 2023 207 prazas formativas de especialista en medicina familiar e comunitaria, 65 máis que o ano pasado e acadándose o 100 % totalidade das acreditadas polo Ministerio de Sanidade. Isto representa un incremento de máis do 45% na capacidade formativa galega desta especialidade, un esforzo moi destacado fronte a un incremento total de prazas formativas desta especialidade en toda España dun 5%. De feito, máis da metade das prazas formativas que se amplían este ano en España para medicina familiar e comunitaria créanse en Galicia.

Cómpre destacar que no ano 2009 o goberno bipartito formaba cada ano a 88 médicos de familia, cubrindo só o 70% das prazas formativas que Galicia tiña autorizadas polo Ministerio. O goberno do PP desde 2009 non fixo máis que incrementalas ata acadar o 100% das autorizadas e cando se chegou ao tope aínda conseguimos que se autorizasen

máis prazas. **Este ano, coas 207 prazas, formaremos máis do dobre de especialistas en medicina de familia dos que formaba o bipartito.**

En consecuencia, **unha vez chegado ao límite da súa capacidade formativa coa normativa vixente, a Xunta de Galicia só pode insistir na reforma urxente desta normativa para ampliar o número de centros de saúde que poidan formar médicos de familia** e, deste xeito, poder crear máis prazas e abordar o déficit de especialistas en medicina de familia que afecta a todo o Sistema Nacional de Saúde.

Hai que lembrar que as Comunidades Autónomas financian integra e directamente os custos desta formación con cargo aos seus orzamentos. No 2023 o total do orzamento que o Servizo Galego de Saúde destina aos gastos de formación de especialistas supera os 69 millóns de euros, 7,5 M€ máis que o ano pasado para facer a parte que corresponde á Xunta na resolución do grave déficit de especialistas que sofre os Sistema Nacional de Saúde e financiar a maior oferta de formación sanitaria especializada da nosa historia.

Non é certo que os residentes que rematan en Galicia se vaian a outros lugares polas condicións laborais de Galicia. A Xunta demostrou no Parlamento que o 90% dos residentes de medicina de familia que remataron a súa formación en Galicia nos últimos 10 anos está traballando para o SERGAS, máis do 60% cunha praza fixa.

Pero a Xunta é consciente de que, aínda así, existen centros de saúde cunha carencia especial de profesionais. Prazas de difícil cobertura que quedaban vacantes ano tras ano nos concursos de traslados e nas ofertas públicas de emprego.

Para cubrilas, a Xunta fixo o que non fixo ningunha comunidade autónoma: habilitar a posibilidade de facelas atractivas converténdolas nunha categoría nova e ofertándoas en propiedade mediante concurso, sen oposición.

A lei de medidas fiscais e administrativas para 2022 estableceu a creación da **nova categoría de facultativo especialista de primaria** e a súa provisión, de xeito extraordinario, por ese concurso de méritos.

Trátase de unha **medida pioneira en todo o Estado**, unha medida que ofrece **unha praza en propiedade por concurso de méritos**, sen necesidade de pasar por unha oposición, tamén para aqueles profesionais que remataron a súa formación este ano.

Grazas a esa Lei, a Xunta lanzou este ano oferta de 106 prazas de facultativo especialista de atención primaria para dotar de persoal as prazas vacantes de mais difícil cobertura.

Estes 106 profesionais cubrirán cada un deles dúas gardas ao mes nos Puntos de Atención Continuada, co cal poderase contar con 212 gardas mais ao mes, o que suporía mais de 2.500 gardas ao ano.

Polo tanto, **trátase dunha solución para dar cobertura a centros de saúde con carencias de persoais e para mellorar a cobertura dos PAC**. Dúas das cousas que máis reclaman SOS Sanidade Pública, PSdeG e BNG.

E que fixeron o BNG e o PSdeG cando a Xunta levou ao Parlamento a lei que permitiu crear esta categoría de médico de familia con gardas de PAC e facer esta convocatoria?

- Primeiro, meter unha emenda de totalidade á lei, para que non se tramitase
- Segundo, promover unha emenda de supresión ao artigo concreto que regulaba esta nova categoría, para **que non se crease**.
- Terceiro, votar en contra da emenda do Grupo Popular que permitiu introducir esa novidade de que a convocatoria fose por concurso de méritos
- E finalmente, **votar en contra da propia Lei**

A Xunta de Galicia continúa a traballar para estender esta medida e poder consolidala. Por iso remitiu ao Parlamento unha **Lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde**, que permitirá á Xunta ofertar mais prazas en propiedade e a través de concursos de méritos, non só na atención primaria senón tamén nos hospitais co-

marcais. Agardamos que nesta ocasión se poida acadar o voto favorable de todos os grupos parlamentarios.

Tamén adoptáronse outras **medidas de carácter organizativo como a implantación das axendas de calidade para organizar mellor o traballo do persoal sanitario, as Carteiras de servizos para potenciar as capacidades das categorías distintas ao médico, o Sistema XIDE para orientar a demanda cidadán directamente ao profesional apropiado (sen que sexa sempre o médico) ou o apoio de persoal técnico de saúde (licenciados sen especialidade) nos actos médicos de carácter máis burocrático.**

E que fan PSdeG e BNG cando se debaten esas medidas de mellora e descarga dos médicos de familia?

- Cando o Parlamento votou unha proposta do PP para estender a todos os centros de atención primaria de Galicia o **protocolo de xestión integral da demanda en equipo (XIDE) no que se dirixen as consultas de xeito directo ao profesional máis axeitado á necesidade do paciente**, o PSdeG apoiouno pero o **BNG non**.
- E cando o Parlamento de Galicia votou unha proposta do PP para que os **médicos con máis saturación de demanda puideran deixar en mans do persoal farmacéutico de atención primaria a renovación de receitas de pacientes crónicos**, nin PSdeG nin BNG votaron a favor.

É dicir, **as reformas que se están a tomar desde a Xunta para formar máis médicos de familia, incentivar que vaian aos centros de máis difícil cobertura e potenciar as capacidades doutras categorías profesionais para desconxestionar aos médico nunca contan co apoio destes partidos.**

6. CONDICIÓNS LABORAIS

Din que o problema da sanidade son as condición laborais. A que se refiren?.

Ás condicións salariais?

A Xunta chegou este ano a un **acordo unánime na mesa sectorial** con todas as organizacións sindicais **para recoñecer e compensar as ampliacións de horario e de carga asistencial** que ten que asumir o persoal de atención primaria pola falta de profesionais. (Publicadas no DOG do 23 de setembro de 2022)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220923/AnuncioC3K1-160922-0004_gl.pdf

Ás condicións de estabilidade?

Galicia convocou desde 2012 cada ano unhas oposicións en sanidade para estabilizar a persoal. Estabilizáronse a máis de 8.000.

Grazas a iso este ano, cando entrou en vigor a normativa europea que obriga a estabilizar a todo o persoal que superase determinado límite de tempo como interino, o SERGAS tivo que convocar algo máis de 2.500 prazas. En contraste, Asturias tivo que convocar 4.800. Comunidade Valenciana máis de 9.000 e Canarias 12.000. Por que? Porque ao contrario doutras comunidades, Galicia convocou ofertas públicas de emprego na sanidade pública cada ano.

Ademais, **para o persoal temporal, en 2019 creáronse contratos de continuidade que ofrecían estabilidade de ata tres anos.**

E agora **estanse xa a ofrecer prazas fixas sen oposición a médicos que acaban de rematar a súa residencia.** É posible máis estabilidade?

Ás condicións organizativas?

Reformouse o modelo de axendas, creáronse os plans locais de saúde para favorecer a orientación comunitaria, creouse o modelo de xestión da demanda (XIDE) para distribuír mellor a sobrecarga dos pacientes que chegan sen cita, estanse aumentando as capacidades doutras categorías para que non todo o traballo recaia no médico.

Claro que somos conscientes de que, evidentemente, **hai unha condición que non podemos mellorar que é a carga de traballo. Por que?**

Porque o único xeito de reducilas aínda máis é ter máis profesionais para repartir esa carga. E non os podemos contratar porque non os hai.

7. LISTA DE AGARDA

Según os datos oficiais do Ministerio de Sanidad **o tempo medio de espera para ser operado no Sergas está nos 75 días, o cuarto máis baixo de España.**

Tamén somos a **cuarta comunidade autónoma que menos porcentaxe de pacientes esperan máis de 6 meses.** Estamos no 6,4%. A media nacional supera o 17%.

En consultas co especialista de hospital, o tempo medio en Galicia é de 55 días, tamén por debaixo da media do Sistema Nacional de Saúde que se situou en 79 días.

Así mesmo, os tempos de espera de 45 días para determinadas patoloxías (principalmente oncolóxicas), estanse a cumprir.

Nestes datos hai que ter en conta o impacto que tivo a pandemia nas listas de espera de todo o Sistema Nacional de Saúde (incluída Galicia), non só na actividade cirúrxica, senón na actividade de consultas médicas e probas

Outro dos feitos remarcables é o gran incremento de peticións de probas diagnósticas nestes últimos anos o que provocou un impacto enorme nos servizos de radiodiagnóstico. Por iso estamos a traballar na central de imaxe médica para aumentar o rendemento, produtividade e as posibilidades diagnósticas destas probas complementarias.

Así e todo, Galicia quere volver ao récord de esperas mínimas que logrou o goberno galego no 2019: É un dos obxectivos para 2023 na sanidade e para elo as xerencias das áreas sanitarias do Sergas están a intensificar a actividade asistencial co obxecto de conseguilo.

Ademais, o SERGAS deseñou un **plan de intensificación asistencial** para mellorar substancialmente estes tempos. Este plan foi aprobado no primeiro Consello da Xunta do 12 de xaneiro de 2023.

https://www.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=31605&name=DLFE-49445.pdf

8. ORZAMENTO ATENCIÓN PRIMARIA

No orzamento actual estase investindo moito máis en **persoal, en subministracións e en investimentos** para a atención primaria do que investían PSdeG e BNG cando gobernaban.

E eses incrementos xa compensan a **redución do gasto polo aforro conseguido en receitas de farmacia** ao promover o uso de **medicamentos xenéricos**, unha iniciativa que foi boicoteada polo PSdG e o goberno de Zapatero en 2010, que se puxeron do lado das grandes farmacéuticas.

O programa 412B de Atención Primaria sube un 9,9%, ata superar por primeira vez na historia de Galicia os **1.500 millóns de euros**. Estamos a falar, por tanto, de 137,5 millóns máis dos destinados o ano pasado, en coherencia co papel vertebrador que este goberno quere darlle a este nivel asistencial.

	ORZAMENTO 2009 (BIPARTITO)	ORZAMENTO 2023 (PPdeG)	DIFERENZA
GASTOS DE PERSONAL	442,2 millóns	576,3 millóns	+134,1 millóns
BENS CORRENTES E SERVIZOS	36,6 millóns	53,6 millóns	+17 millóns
RECEITAS DE FARMACIA	883,4 millóns	829,5 millóns	-53,9 millóns
FONDO DE CONTINXENCIA	54,3 millóns	9,1 millóns	-45,2 millóns
INVESTIMENTOS E TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19,5 millóns	57,9 millóns	+38,4 millóns
TOTAL	1.436,7 millóns	1.526 millóns	+89,3 millóns

Ante a realidade da mellora en termos absolutos do orzamento en atención primaria, a oposición defende que a Xunta debería dedicar o 25% do seu orzamento sanitario a atención primaria.

Galicia non chega a esa porcentaxe, aínda que está na **media nacional** de case un **15%**.

Esta diferenza porcentual vén dada fundamentalmente porque o investimento en atención hospitalaria sufriu un incremento moi elevado debido ás numerosas obras de ampliación e de nova construción dos hospitais públicos galegos. Non creo que haxa outra comunidade autónoma que estea acometendo simultaneamente a ampliación de tantos centros hospitalarios.

Polo tanto, ao incrementarse en maior medida a partida de atención hospitalaria que a partida e atención primaria esta reflexa unha cantidade porcentualmente inferior, aínda que en termos absolutos aumente.

9. BAROMETRO SANITARIO 2022 (NOVEMBRO)

A cidadanía de **Galicia é a segunda de todas as comunidades autónomas na que máis xente considera que a sanidade pública funciona ben ou moi ben:**

- 66% da poboación mentres que a media española é dun 57%.
- Só o 10,6% dos galegos responden que “funciona mal”. É a porcentaxe máis baixa de todas as CCAA e claramente por debaixo da media nacional (14,5).

Na puntuación de 1 ao 10 sobre a **satisfacción co seu sistema sanitario público**, os galegos outorgan un 6,48. É a **cuarta nota máis alta de todas as CCAA.**